

POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS 08 abril 2018

CRISTO VIVE:

Encóntrao o domingo na COMUNIDADE!

1. VER: O domingo, día de encontro:

-Cada domingo soan as campás do templo. Son una chamada a acudir ás carreiras á festa semanal. Preparámonos e poñemos o vestido de festa, imos xuntos toda a familia, adornamos a igrexa, cantamos.

*Como celebrades o domingo na túa parroquia?
Que facedes, quen vos convoca? É unha festa alegre?*

2. XULGAR: O domingo reúnese a Comunidade.

*-No evanxeo de hoxe, Xesús dinos que “o primeiro día da semana” (domingo), tamén aos oito días, estaban toda a Comunidade reunida, “entrou Xesús, púxose no medio e díxolles: «Paz convosco». E, dicindo isto, amosoulles as mans e o costado. E os discípulos **enchéronse de ledicia** ao ver o Señor”. Tomé non estaba, pero eles cóntanlle o que viran e el, ao ver as mans de Xesús díxolle “Meu Señor e meu Deus”, é dicir, cre.*

QUE NOS QUERE DICIR?

-O domingo é o día querido por Xesús para reunirse a Comunidade, así sucede desde o día da resurrección.

-Cada domingo atopámonos con el ao reunirnos a Comunidade: está no medio de nós e experimentámolo próximo, presente.

-Xesús carga as nosas pilas da enerxía da fe para ser dos seus, e transmítenos a súa paz e énchenos de ledicia.

-Na Comunidade curamos a nosa falta de fe como Tomé e proclamamos que cremos: *“Meu Señor e meu Deus meu”*.

Vedes a misa como un encontro Comunitario con Xesús para repoñer as forzas?

3. ACTUAR: Ven encontrarte con Xesús!

-En grupo pensamos como mellorar o sentido comunitario, como mellorar a unión de toda a Comunidade, o facer piña, colaborar con Cáritas...

-Pensade como explicarías que a reunión dominical é un encontro con Cristo.

-E vede como anunciar aos vosos compañeiros que non van á misa: “Vimos o Señor”.

Que imos facer?

LECTURAS

FEITOS 4, 32-35: *Un só corazón e unha soa alma.*

SALMO 117: *Dade grazas ao Señor porque é bo, porque é eterna a súa misericordia.*

1ª PEDRO 5, 1-6: *Todo o que naceu de Deus vence o mundo.*



XOÁN 20, 19-31: *Aos oito días, chegou Xesús*

Narrador: Á noitiña daquel día, o primeiro da semana, estaban os discípulos nunha casa, coas portas pechadas por medo aos xudeus. E nisto entrou Xesús, púxose no medio e díxolles:

Xesús: - *Paz convosco.*

Narrador: E, dicindo isto, ensinoulles as mans e o costado. E os discípulos enchéronse de ledicia ao ver o Señor. Xesús repetiu:

Xesús: - *Paz convosco. Como o Pai me enviou, así tamén vos envío eu.*

Narrador: E, dito isto, exhalou o seu alento sobre eles e díxolles:

Xesús: - *Recibide o Espírito Santo; a quen lles perdoedes os pecados quédanlles perdoados; a quen llos reteñades, quédanlles retidos.*

Narrador: **Tomé**, un dos Doce, chamado o Xemelgo, **non estaba con eles** cando veu Xesús. E os outros discípulos dicíanlle:

Discípulos: - *Vimos o Señor.*

Narrador: Pero el contestoulles:

Tomé: - *Se non vexo nas súas mans o sinal dos cravos, se non meto o dedo no buraco dos cravos e non meto a man no seu*

costado, non o creo.

Narrador: Aos oito días, estaban outra vez dentro os discípulos e Tomé con eles. Chegou Xesús, estando pechadas as portas, púxose no medio e díxolles:

Xesús: - *Paz convosco.*

Narrador: Logo díxolle a Tomé:

Xesús: - *Trae o teu dedo, aquí tes as miñas mans; trae a túa man e métea no meu costado; e non sexas incrédulo, senón crente.*

Narrador: Contestoulle Tomé:

Tomé: - *Meu Señor e meu Deus!*

Narrador: Xesús díxolle:

Xesús: - *Porque me viches criches? Ditosos os que crean sen ver.*

Narrador: Moitos outros signos, que non están escritos neste libro, fixo Xesús á vista dos discípulos. Estes escribíronse para que creades que Xesús é o Mesías, o Fillo de Deus, e para que, crendo teñades vida no seu nome.

Palabra do Señor

(Narrador-Xesús-Discípulos-Tomé)